

Resolución do 17 de xaneiro de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convoca o 8º Campionato Galego de Formación Profesional, GaliciaSkills 2025.

O mercado laboral e o contexto económico actual, marcados pola innovación e o cambio continuo, demandan unha formación profesional en constante actualización, capaz de adaptarse ás transformacións do contorno produtivo mediante a integración de ferramentas dixitais, habilidades transversais e coñecementos especializados que impulsen unha transición cara a un modelo económico sostible e baseado no coñecemento.

Neste contexto, a formación profesional debe consolidarse como unha peza clave para impulsar a competitividade, fomentar a empregabilidade e ofrecer respostas eficaces ás demandas dun mundo cada vez máis globalizado e tecnoloxicamente avanzado.

A Lei orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, establece, no seu título VIII –Innovación, investigación aplicada e emprendemento–, que as administracións públicas propiciarán, no ámbito das súas competencias, a participación dos centros de formación profesional, xunto con outros centros e empresas ou organismos similares da súa contorna, en proxectos de innovación e investigación aplicada para a súa conversión en recursos de innovación do sector produtivo e promotores da creación de centros tecnolóxicos.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia establece no seu artigo 2º que a formación profesional comprende un conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica.

Unha das accións para a mellora da calidade da formación profesional e a difusión destas ensinanzas é o desenvolvemento de competicións de alumnado de formación profesional no que este pode demostrar as habilidades e destrezas adquiridas nos ciclos formativos que está a cursar.

Dentro do ámbito das súas competencias a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ven organizando o Campionato Galego de Formación Profesional *GaliciaSkills*. Esta competición constitúe un valioso instrumento para fomentar a formación profesional así como para incrementar a implicación de estudantes, profesores e empresas de distintos sectores.

Este campionato celébrase cada dous anos e o alumnado gañador de cada unha das competicións conforma o equipo que representa a Galicia no Campionato Nacional de Formación Profesional, *SpainSkills*. O alumnado gañador de *SpainSkills* é, a súa vez, o encargado de representar a España nos campionatos internacionais *EuroSkills* e *WorldSkills*.

Esta actuación enmárcanse dentro da operación *Calidad en el sistema de formación profesional* financiada polo *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes*, a través do reparto de crédito do *Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Educación*, de 7 de outubro de 2024. Dita operación contempla como actuacións subvencionables a organización e celebración de campionatos autonómicos, sendo susceptible de cofinanciación pola Unión Europea no marco do programa *Fondo Social Europeo Plus de Empleo, Educación, Formación y Economía Social (EFESO)*, aprobado pola Comisión Europea o 19 de decembro de 2022, con código 2021es05sfpr002.

Por todo iso, de conformidade coas atribucións recollidas no artigo 14 do Decreto 138/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, esta Dirección Xeral,

RESOLVE:

Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta resolución é convocar o 8º Campionato Galego da Formación Profesional, *GaliciaSkills 2025*.



Os principais obxectivos desta competición son:

- Promocionar e difundir as ensinanzas de formación profesional na comunidade autónoma.
- Fomentar valores de carácter persoal e social asociados ás boas prácticas do alumnado de formación profesional.
- Estimular e motivar ao alumnado de Formación Profesional, incidindo no seu rendemento académico e futuro profesional.
- Recoñecer a profesionalidade e dedicación do profesorado de formación profesional.
- Potenciar a relación entre os centros docentes e as empresas, fomentando a transferencia de coñecemento e estreitando lazos entre a realidade empresarial e laboral e a formación profesional no ámbito educativo.
- Seleccionar ao equipo galego que nos represente no Campionato Nacional de Formación Profesional, SpainSkills 2026.

Artigo 2. Modalidades de participación

Nesta edición convócanse as seguintes modalidades de participación:

1. Vinte e nove modalidades de competición:

Modalidades de competición	Participación
Carpintería	Individual
Ebanistería	Individual
Diseño mecánico-CAD	Individual
CNC Fresado	Individual
Soldadura	Individual
Fontanería e calefacción	Individual
Refrixeración e aire acondicionado	Individual
Electrónica	Individual
Instalacións eléctricas	Individual
Control industrial	Individual
Mecatrónica	Parellas
Sistemas robóticos integrados	Parellas
Pintura do automóbil	Individual
Reparación de carrocería	Individual
Tecnoloxía do automóbil	Individual
Desenvolvemento web	Individual
TIC Administración de sistemas en rede	Individual
Diseño de xogos e animacións 3D	Individual
Cociña	Individual
Panadaría	Individual
Servizo de restaurante e bar	Individual
Recepción hoteleira	Individual
Atención sociosanitaria	Individual
Estética	Individual
Peiteado	Individual



Escaparatismo	Individual
Tecnoloxía da moda	Individual
Floraría	Individual
Xardinaría paisaxística	Parellas

2. Nove modalidades de demostración:

Modalidades de demostración	Participación
Albanelaría	Individual
Revestimento e paneis de xeso	Individual
Ciberseguridade	Parellas
Enerxías renovables	Individual
Fabricación aditiva	Individual
Farmacia e parafarmacia	Individual
Robótica colaborativa	Parellas
Tecnoloxía de laboratorio químico	Individual
Tecnoloxía de vehículos pesados	Individual

3. Catro modalidades destinadas aos Centros de Educación Especial (CEE), nas que poderá participar o alumnado e profesorado dos programas formativos básicos:

Modalidades CEE	Participación
Peiteado	Parellas
Reprografía	Parellas
Servizos de restauración	Parellas
Xardinaría e viveirismo	Parellas

As descrições técnicas das probas de cada modalidade publicaranse en <http://www.edu.xunta.gal/fp/galiciaskills-2025>.

Artigo 3. Lugar e data de celebración

GaliciaSkills 2025 celebrarase en Silleda no recinto da Feira Internacional de Galicia Abanca os días 29, 30 e 31 de outubro de 2025. Os días 29 e 30 de outubro terán lugar as competicións e o día 31 será a cerimonia de clausura e a entrega de medallas.

Artigo 4. Destinatarios

Poderán participar nesta convocatoria os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidos con fondos públicos, que impartan ensinanzas de formación profesional durante o curso 2024-2025.

O número mínimo de centros educativos inscritos en cada modalidade para garantir o seu desenvolvemento será de catro. Non obstante, de forma excepcional, poderase autorizar a súa realización cun número inferior de centros.



Artigo 5. Proceso e prazo de solicitude

Os centros educativos realizarán a inscrición mediante o formulario web habilitado para o efecto: <https://www.edu.xunta.gal/fp/inscripcion-galicia-skills-2025>.

Cada centro poderá inscribir a unha persoa competidora por cada modalidade, coas excepcións de Mecatrónica, Sistemas robóticos integrados, Xardinaría paisaxística, Robótica colaborativa, Ciberseguridade e as modalidades destinadas ao alumnado de CEE, nas que a participación será por parellas.

O prazo de inscrición en GaliciaSkills 2025 permanecerá aberto ata o 14 de marzo de 2025, inclusive.

Artigo 6. Persoas competidoras

Para poder participar en GaliciaSkills 2025, as persoas competidoras deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar matriculadas ou ter finalizado recentemente algunha ensinanza de FP sostida con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter un máximo de 21 anos cumpridos a 31 de decembro de 2025, excepto nas modalidades de Mecatrónica, Sistemas robóticos integrados, Ciberseguridade e Fabricación aditiva, nas que poderán ter un máximo de 24 anos cumpridos nesa mesma data.
- Non ter participado anteriormente nalgunha edición de SpainSkills.

Coa súa participación, as persoas competidoras asumen as seguintes obrigas:

- No caso de obter a medalla de ouro neste campionato, participar en SpainSkills 2026 e, no seu caso, nos campionatos EuroSkills e WorldSkills.
- Autorizar o tratamento de datos e imaxe para a difusión de GaliciaSkills 2025.

Cada centro educativo establecerá o sistema de selección das persoas competidoras, dando prioridade, cando sexa posible, ao alumnado matriculado no primeiro curso, co propósito de garantir que estea cursando ensinanzas de Formación Profesional no curso 2025-2026, período no que se desenvolverán as competicións.

Unha mesma persoa non poderá participar como competidor/a en máis dunha modalidade de participación.

Artigo 7. Profesorado titor

O centro educativo designará un/unha docente, preferiblemente de entre o profesorado da persoa competidora, que se encargará da súa preparación. A persoa titora acompañará ao alumnado participante durante a competición, velará polo cumprimento das obrigas e prestará apoio en caso de conflito ou urxencia.

No caso de que a persoa competidora obteña medalla de ouro, comprometerase a continuar coa súa preparación para SpainSkills e, no seu caso, para os campionatos internacionais EuroSkills e WorldSkills.

No caso de ser requirido, a petición da persoa experta da competición, poderá formar parte do xurado da súa modalidade. Así mesmo, poderá participar na elaboración da descrición técnica e do plan de probas.

Unha mesma persoa non poderá participar como titor/a en máis dunha modalidade de participación.



Artigo 8. Profesorado experto

Para cada modalidade de competición designarase un/ha docente en calidade de persoa experta a proposta do Servizo de Orientación e Innovación Profesional.

O profesorado experto será responsable de elaborar a documentación técnica correspondente á súa modalidade, asegurando que todo estea preparado para o correcto desenvolvemento da competición. Esta documentación deberá basearse nas descricións técnicas das modalidades do último campionato nacional.

Ademais, encargarase de establecer os contactos necesarios coas empresas do sector correspondente, co obxectivo de conseguir patrocinios para a súa modalidade.

Artigo 9. Xurado

Constituirase un xurado para cada modalidade, que será o encargado de avaliar e cualificar as probas realizadas polas persoas competidoras, garantindo a obxectividade e o cumprimento dos criterios establecidos para a modalidade correspondente.

O xurado que estará composto por:

- A persoa experta da modalidade, que ostentará a presidencia do xurado.
- Profesorado titor do alumnado participante.
- Representantes das empresas patrocinadoras ou expertos/as do sector correspondente.

Os xurados constituiranse nos días previos ao comezo da competición e o presidente do xurado levantará acta da constitución do mesmo e o comunicará á organización da competición.

O xurado deberá estar familiarizado con todos os detalles das normas de competición GaliciaSkills 2025 e coa documentación técnica da súa modalidade (descripcións técnicas, criterios de avaliación, plan de probas e listaxe de infraestruturas).

Artigo 10. Premios

En cada modalidade outorgaranse dous premios, destinados ás persoas competidoras ou equipos que acaden as dúas mellores puntuacións nas probas realizadas.

Os premios consistirán nunha medalla de ouro e outra de prata, acompañadas do correspondente diploma acreditativo. A asignación destas medallas darase a coñecer no acto de entrega de medallas e clausura de campionato.

As persoas gañadoras das medallas de ouro nas modalidades de competición representarán a Galicia nos campionatos nacionais de Formación Profesional, SpainSkills 2026. As persoas gañadoras das medallas de prata serán suplentes das devanditas representantes e así sucesivamente.

Todas as persoas participantes recibirán un diploma acreditativo da súa participación.

Artigo 11. Certificacións

A persoas titoras e expertas en GaliciaSkills 2025 recibirán unha certificación de actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado. Ademais, no caso de que a persoa titora prepare ao alumnado para SpainSkills 2026 recibirá outra certificación equivalente no curso 2025-2026.

Artigo 12. Dotación orzamentaria



O financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento deste campionato procederá dos créditos transferidos polo *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes* á Comunidade Autónoma de Galicia, a través do reparto de crédito do *Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Educación*, de 7 de outubro de 2024. Dita operación contempla como actuacións subvencionables a organización e celebración de campionatos autonómicos, sendo susceptible de cofinanciación pola Unión Europea no marco do programa *Fondo Social Europeo Plus de Empleo, Educación, Formación y Economía Social (EFESO)*, aprobado pola Comisión Europea o 19 de decembro de 2022, con código 2021es05sfpr002.

Artigo 13. Datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

M^a Eugenia Pérez Fernández

A Directora Xeral de Formación Profesional

